

ACORDO DO CONSELLO DE GOBERNO DO 27 de FEBRERIO DO 2015, POLO QUE SE MODIFICA PARCIALMENTE O REGULAMENTO DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A SÚA ADAPTACIÓN AO REAL DECRETO 592/2014, DO 11 DE XULLO.

O vixente Regulamento de prácticas académicas externas do estudantado da Universidade da Coruña foi aprobado polo Consello de Goberno do 23 de abril do 2013.

Posteriormente, o 31 de xullo do 2014 entrou en vigor o Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, que establece o marco legal xeral polo que se regula as prácticas académicas externas do estudantado universitario (BOE nº 184, do 30 de xullo).

Esta disposición xeral derroga as normas anteriores nesta materia (Reais Decretos 1497/1981 do 19 de xuño e 1845/1994 do 9 de setembro que o modifica), e substitúe o Real Decreto 1707/2011, de 18 de novembro, que foi pola súa vez anulado pola Sentenza do Tribunal Supremo do 21 de maio do 2013.

A recente publicación deste novo Real Decreto motiva a adaptación da nosa normativa propia ao seu contido, que ten carácter básico e se ampara no artigo 149.1.30º da Constitución Española.


En consecuencia, e para adaptar o noso regulamento a este novo marco, é preciso dar unha nova redacción aos seguintes preceptos do regulamento de prácticas académicas externas da UDC.

ARTIGO ÚNICO.-

1. Introdúcense as modificacións que figuran no anexo ao preámbulo, artigos 3, 12 e 18 do Regulamento de prácticas académicas externas da UDC.
2. Así mesmo, autorízase a concordancia das referencias aos preceptos do Real Decreto 1707/2011 cos preceptos do Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo.

DISPOSICIÓN FINAL

1. Autorízase á Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Deportes para concordar, refundir e publicar na web da UDC o texto resultante das anteriores modificacións, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia.
2. O presente acordo entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no taboleiro electrónico oficial da UDC.



ANEXO

Preámbulo

Introdúcese o seguinte tras o segundo parágrafo:

“O Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, establece o marco legal polo que se regula as prácticas académicas externas do estudiantado universitario. Este novo marco derroga as normas anteriores ao respecto (RD 1497/1981 do 19 de xuño e 1845/1994 do 9 de setembro que o modifica), e substitúe o Real Decreto 1707/2011, do 18 de novembro, anulado pola Sentenza do Tribunal Supremo do 21 de maio do 2013”.

Artigo. 3

Introdúcese un parágrafo terceiro

“No ámbito das Administracións Públicas, Entidades de Dereito Público e demais Organismos Públicos, a realización nos mesmos das prácticas académicas externas non poderá ter a consideración de mérito para o acceso á función pública nin será computada aos efectos de antigüidade o recoñecemento de servizos previos”.

Artigo 12

Modificación do seguinte parágrafo:

“No caso de prácticas curriculares, de acordo co que está disposto no apartado 8.2.c do RD 592/2014 o/a alumno/a poderá manter unha relación laboral coa entidade colaboradora toda vez que así conste no convenio de cooperación educativa”.

Artigo 18

Modificación da alínea 3:

“3.- Nos casos no que se determine legalmente, a empresa ou entidade financiadora, ou a Universidade, segundo proceda, cumprirá coas obrigas correspondentes en material de afiliación e cotización á Seguridade Social”.

*DILIXENCIA para facer constar que o presente documento
composto de 2 páxina/s numerada/s e selada/s, foi
aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión de data
27 de febreiro de 2015*

O secretario xeral

Asdo. Carlos Amoedo Souto